



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE NOIA PARA A REHABILITACIÓN DA EDIFICACIÓN “CASINO DE NOIA” PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN NUN “CENTRO DE VISITANTES MULTIFUNCIONAL DO XEODESTINO DA RÍA DE MUROS NOIA”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Noia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A rehabilitación dunha edificación existente, denominada “Casino de Noia” para transformala nun “Centro de Visitantes Multifuncional do Xeodestino da Ría de Muros Noia”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

As actuacións na edificación denominada “Casino de Nonia” teñen por obxecto principal o fomento e promoción da cultura, e a protección, conservación e difusión do patrimonio cultural dentro da programación anual que fai a Consellería, no que se trazan as directrices a seguir dentro do mapa de infraestruturas socioculturais de Galicia.





Coa realización destas actuacións, o Concello de Noia pode ofrecer un servizo axeitado a toda a poboación. Dispor de edificios no concello nunhas condicións óptimas para o seu uso por todos os cidadáns é a mellor forma de ofertar un servizo público do que debemos responsabilizarnos.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece á edificación denominada “Casino de Noia”, único con estas características que necesita do acondicionamento necesario que permitan ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir a todos os cidadáns a igualdade de oportunidades no acceso ao uso das fontes de coñecemento e da cultura.

Por todo o anterior é o Concello de Noia o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 1 de setembro de 2017

